

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), formalizaron o 29 de xullo de 2022 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 31 de marzo de 2023 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións que rexerán a relación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a FEGAMP, como entidade colaboradora, e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio para o financiamento e desenvolvemento de Programas de axudas para Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) e Unidades de Día(UD) a través dos Concellos que dispoñan destas unidades, atendendo á planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia publicado en 2011.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O 3/12/2014, o 11/12/2015, o 24/11/2016, 7/11/2017, 20/09/2018, 13/11/2019, 18/12/2020, e o 21/10/2021, asináronse cadanseu convenio coa FEGAMP como entidade colaboradora e representante única de todos os Concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos.

A través do presente convenio, preténdese dar continuidade aos servizos que viñan xestionando as entidades locais no relativo a servizos de atención sanitaria aos transtornos adictivos existentes en cada unha delas, o que implica que a Comunidade Autónoma preste especial atención a este tipo de gastos, polo que se prevén especialmente no convenio a posibilidade de anticipos, de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións.

Deste xeito procúrase a flexibilidade na xestión e utilización dos fondos para os fins previstos no seu conxunto.

Ademais, o mecanismo elixido busca a simplificación dos trámites administrativos e a racionalización da xestión do cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento do propio convenio.

Para o ano 2022, preténdese continuar a liña de colaboración coa FEGAMP, no relativo aos servizos de atención sanitaria aos transtornos adictivos, aparecendo consignada a contía

correspondente a dita colaboración nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2022.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver e a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrência pública, polo que o réxime destas axudas encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

